

1 Líder



SORPASSO MARINAO

A SD Ribadeo chega ás dúas últimas xornadas na pole position tras asaltar o primeiro posto do Provincial cadete. A derrota do Polvorín na Cheda e a vitoria dos de Suso Coto, con remontada nas Gándaras ante o Sagrado Corazón, propiciaron o cambio de dono na competición

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL

Punto e final co obxectivo acadado na máxima categoría

O Lugo despediu a competición cunha vitoria na Cheda ante o Val Miñor nun encontro sen trascendencia a nivel de clasificación. Álex Antón utilizou un total de 35 xogadores ao longo da tempada, entre eles 4 cadetes



PROVINCIAL INFANTIL

O Burela xa toca o Provincial ca man

A dobre vitoria a pasada semana, primeiro nas Gándaras o mércores e o sábado na Ribela, deixa aos de Javi Ruíz con catro puntos máis que o Viveiro a falta de tres xornadas, nas que o líder viaxa a Becerreá, recibe á Residencia B e despide a competición ante o Lugo B nas Gándaras

PROVINCIAL ALEVÍN

Residencia e Lugo xóganse esta tarde o título na Cheda

Os dous primeiros cara a cara. Se gañan os albirvermellos serán campións Provinciais, mentras que se o fan os branquiazuis por tres goles ou máis, asaltarán o primeiro posto a falta de dúas xornadas



HOXE
18:45 horas



XUVENIL D. DE HONRA RESULTADOS
Bansander - R. Santander 0-1
Deportivo - Pontevedra 4-3
TSK Rocas - At. Perines 5-0
Covadonga - Ural 3-4
Sp. Gijón - Colindres 10-0
CD Lugo - Val Miñor 2-1
Alondras - R. Ferrol 0-3
Celta - R. Oviedo 3-0

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
RC CELTA 80 30 26 2 2 78 24
SPORTING GIJÓN 72 30 22 6 2 92 22
R.SANTANDER 65 30 20 5 5 75 29
URAL CF 54 30 17 3 10 57 50
RC DEPORTIVO 53 30 16 5 9 63 34
CD LUGO 50 30 15 5 10 52 37
REAL OVIEDO 49 30 14 7 9 45 26
BANSANDER 37 30 11 4 15 45 58
ATL PERINES 36 30 10 6 14 46 61
RACING FERROL 35 30 9 8 13 40 55
ED VAL MIÑOR 33 30 9 15 36 46
TSK ROCAS 33 30 10 3 17 46 66
PONTEVEDRA CF 29 30 9 2 19 35 62
CD COVADONGA 23 30 5 8 17 30 62
CD COLINDRES 18 30 4 6 20 23 75
ALONDRAS CF 13 30 3 4 23 20 76

COMPETICIÓN FINALIZADA

XUVENIL LIGA NACIONAL RESULTADOS
Valladares - Porriño 2-4
Orillamar - CD Lugo B 0-3
Pabellón - Val Miñor B 4-0
Conxo - Celta B 2-2
Sta. Mariña - Arosa SC 1-0
RC Villalbés - Choco 3-0
CD Aroesa - Victoria 1-0
CD Lérez - Deportivo B 0-3
R. Bouzas - Calasanz 3-3

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C.CELTA "B" 72 29 23 3 3 91 27
C.D.CALASANZ 64 29 19 7 3 52 25
DEPORTIVO "B" 55 29 17 4 8 67 28
C.D.CONXO 53 29 16 5 8 69 51
VICTORIA C.F. 53 29 16 5 8 68 48
C.D.AROESA 47 29 15 2 12 47 42
PORRINO C.F. 47 29 14 5 10 60 53
PABELLÓN C.F. 47 29 14 5 10 51 36
C.D.CHOCO 45 29 14 3 12 52 40
R.VILLALBÉS 45 29 13 6 10 43 42
R.MILAGROSA 42 29 14 5 10 33 40
C.D.LUGO "B" 34 29 10 4 15 50 59
VAL MIÑOR "B" 30 29 7 9 13 35 55
VALLADARES 29 29 8 5 16 44 73
SANTA MARINHA 27 29 7 6 16 28 47
AROSA S.C. 24 29 6 6 17 28 47
ORILLAMAR S.D. 20 29 6 2 21 30 83
C.D.LEREZ 11 29 2 5 22 34 86

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo B - Porriño Victoria - RC Villalbés
Val Miñor B - Orillamar Deportivo B - CD Aroesa
Celta B - Pabellón Calasanz - CD Lérez
Arosa SC - Conxo R. Bouzas - Villadares
Choco - Sta. Mariña

XUVENIL GALEGA NORTE RESULTADOS
Boiro - Compostela 1-2
Ural B - Residencia 1-1
At. Artoixo - As Pontes 0-3
Victoria B - G. Caranza 1-1
Estrada - Montañeros 1-0
Bergantiños - EF Lalin 0-2
Viveiro CF - Conxo B 7-1
Dumbria - O Val 1-5
At. Riveira - Betanzos 3-1

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
E.F.LALIN 69 29 21 6 2 87 34
S.D.O VAL 63 29 20 3 6 70 33
BERGANTINOS C.F. 59 29 17 8 4 62 27
S.D.COMPOSTELA 56 29 17 5 7 52 37
MONTAÑEROS C.F. 56 29 16 8 5 55 26
VIVEIRO C.F."A" 51 29 14 9 6 58 45
C.F.DUMBRIA 48 29 14 6 9 46 40
URAL C.F."B" 43 29 12 7 10 52 39
C.D. BOIRO 43 29 13 4 12 48 46
ESTRADA FB 42 29 13 3 13 42 50
R.VICTORIA C.F."B" 39 29 11 6 12 48 50
C.D.CONXO "B" 35 29 11 2 16 55 52
GALICIA CARANZA 34 29 9 7 13 54 55
RESIDENCIA 31 29 8 7 14 50 62
C.D.AS PONTES 27 29 7 6 16 36 49
AT. DE RIVEIRA 20 29 6 2 21 47 104
AT. ARTOIXO 11 29 2 5 22 31 83
BETANZOS C.F. 8 29 2 2 25 22 84

PRÓXIMA XORNADA

Residencia - Compostela Conxo B - Bergantiños
As Pontes - Ural B O Val - Viveiro CF
G. Caranza - At. Artoixo Betanzos - Dumbria
Montañeros - Victoria B At. Riveira - Boiro
EF Lalin - Estrada

XUVENIL GALEGA SUR RESULTADOS
Tomioño - Coruxo 0-2
Ribadumia - Calasancio 3-0
Comesaña - Barco 7-1
A Seca - Alondras B 1-3
Choco B - Ourense CF 3-2
UD Ourense - Vila Corpus 5-1
Barbadas - Portonovo 1-0
Verin - Pabellón B 0-3
Monteporreiro - AJ Lerez 1-2

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
OURENSE C.F. 69 29 22 3 4 94 36
U.D.OURENSE 68 29 21 5 3 77 29
A.J.LEREZ 51 29 16 3 10 72 41
PABELLÓN "B" 50 29 14 8 7 70 40
MONTEPORREIRO 48 29 15 3 11 60 43
U.D.BARBADAS 44 29 13 5 11 37 44
PORTONOVO S.D. 43 29 13 4 12 49 49
CORUXO F.C. 42 29 11 9 9 50 46
ALONDRAS C.F."B" 41 29 12 5 12 53 53
C.D.RIBADUMIA 38 29 10 8 11 50 56
U.D.COMESAÑA 37 29 11 4 14 54 61
A.C.D.A SECA 36 29 11 3 15 49 56
C.P.CALASANCIO 36 29 10 6 13 33 39
A.D.TOMINO 35 29 10 5 14 71 75
A.D.VILA CORPUS 31 29 9 4 16 43 58
E.D.C.VERIN 25 29 6 7 16 40 71
C.D.CHOCO "B" 24 29 6 6 17 37 77
C.D.BARCO 20 29 6 2 21 33 98

PRÓXIMA XORNADA

Calasancio - Coruxo Portonovo - UD Ourense
Barco - Ribadumia Pabellón B - Barbadas
Alondras B - Comesaña AJ Lerez - Verin
Ourense CF - A Seca Monteporreiro - Tomioño
Vila Corpus - Choco B

CADETE DIVISIÓN HONRA RESULTADOS
Val Miñor - Coruxo 0-0
Ural - CD Lugo 2-1
Pabellón - Ourense CF 3-1
Conxo - RC Celta 1-4
Sta. Mariña - Montañeros 0-2
Bergantiños - R. Ferrol 2-1
CD Aroesa - Victoria 4-2
Pontevedra - Deportivo 0-3
San Tirso - Calasanz 2-3

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C.CELTA S.A.D. 81 29 27 0 2 122 17
R.C.DEPORTIVO 71 28 23 2 3 86 22
URAL C.F. 60 29 19 3 7 47 28
C.D.LUGO 54 29 17 3 9 64 43
C.D.CALASANZ 47 29 14 5 10 39 38
PABELLÓN C.F. 46 29 14 4 11 46 38
CORUXO F.C. 42 29 12 6 11 39 36
PONTEVEDRA C.F. 41 29 13 2 14 49 47
E.D.VAL MIÑOR 40 29 11 7 11 47 46
C.D.CONXO 40 29 11 7 11 40 39
SAN TIRSO S.D. 38 29 11 5 13 51 48
RACING FERROL 32 29 9 5 15 36 65
BERGANTINOS C.F. 31 29 7 10 12 37 64
VICTORIA C.F. 30 29 9 3 17 45 61
OURENSE C.F. 27 28 7 6 15 35 59
C.D.AROESA 21 29 5 6 18 33 72
SANTA MARINHA 20 29 5 5 19 22 68
MONTAÑEROS C.F. 17 29 4 5 20 23 70

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo - Coruxo Victoria - Bergantiños
Ourense CF - Ural CF Deportivo - CD Aroesa
RC Celta - Pabellón Calasanz - Pontevedra
Montañeros - Conxo San Tirso - Val Miñor
R. Ferrol - Sta. Mariña

CADETE GALEGA NORTE RESULTADOS
EF Lalin - Bertamirans 2-5
Ural B - Dumbria 3-1
Deportivo B - San Tirso B 3-2
Victoria B - G. Caranza 3-1
Estrada - RC Villalbés 1-3
Bergantiños B - Orillamar 1-0
Viveiro CF - X. Oroso 2-1
CD Lugo B - R. Ferrol B 2-1
Milagroza - Calasanz B 0-1

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
BERTAMIRANS C.F. 78 29 25 3 1 75 20
X. OROSO 70 29 22 4 3 97 35
R.C.DEPORTIVO "B" 59 29 18 5 6 70 31
RACING VILLALBÉS 54 29 16 6 7 53 32
GALICIA CARANZA 51 29 16 3 10 67 39
C.D.CALASANZ 48 29 14 6 9 45 34
C.F.DUMBRIA 43 29 13 4 12 42 52
BERGANTINOS "B" 42 29 12 6 11 38 36
E.D.VAL MIÑOR 40 29 11 7 11 47 46
ESTRADA FB 37 29 10 7 12 34 53
URAL C.F."B" 35 29 9 8 12 40 45
SAN TIRSO S.D."B" 35 29 9 8 12 40 45
R. FERROL "B" 33 29 8 9 12 31 48
C.D.LUGO "B" 31 29 9 4 16 40 55
S.C.D.MILAGROSA 23 29 5 6 18 29 65
VICTORIA C.F."B" 22 29 6 4 19 31 62
EF LALIN 22 29 5 7 17 29 62
ORILLAMAR S.D. 14 29 4 2 23 21 72

PRÓXIMA XORNADA

Dumbria - Bertamirans X. Oroso - Bergantiños
San Tirso B - Ural B R. Ferrol B - Viveiro CF
G. Caranza - Deportivo B Calasanz B - CD Lugo B
R. Villalbés - Victoria B Milagroza - EF Lalin
Orillamar - Estrada

INFANTIL GALEGA TÍTULO RESULTADOS
Val Miñor - Montañeros 1-3
CD Lugo - Deportivo 0-8
Pabellón - R. Ferrol 5-0
Sta. Mariña - Bertamirans 0-1
Choco - Ourense CF 2-0
Victoria - Portero 2000 4-1
X. Oroso - Ural 1-3
RC Celta - Arosa SC 8-2

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C.DEPORTIVO 36 12 12 0 0 63 10
R.C.CELTA S.A.D. 31 12 10 1 1 64 19
BERTAMIRANS F.C. 27 12 8 3 1 35 18
PABELLÓN C.F. 26 12 8 2 2 33 17
E.D.VAL MIÑOR 17 12 5 2 5 28 31
C.D.LUGO 17 12 4 5 3 23 31
OURENSE C.F. 16 12 4 4 4 28 25
C.D.CHOCO 16 12 4 4 4 19 18
URAL C.F. 15 12 4 3 5 27 29
X. OROSO 13 12 3 4 5 22 27
SANTA MARINHA 12 12 3 3 6 14 24
VICTORIA C.F. 12 12 4 0 8 32 48
MONTAÑEROS C.F. 10 12 3 1 8 15 31
PORTERO 2000 10 12 2 4 6 19 42
RACING FERROL 6 12 1 3 8 27 48
AROSA S.C. 4 12 1 1 10 15 46

PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor - CD Lugo Ourense CF - Victoria
Deportivo - Pabellón Portero 2000 - X. Oroso
R. Ferrol - Sta. Mariña Ural - RC Celta
Bertamirans - Choco Montañeros - Arosa SC

INF. GAL. DESCENSO NORTE RESULTADOS
G. Caranza - Residencia 7-0
Conxo - EF Lalin 3-1
Calasanz - Bergantiños 1-1
San Tirso - At. Riveira 2-0
Milagroza - Imperator 0-5

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
SAN TIRSO S.D. 37 12 7 3 2 30 17
GALICIA CARANZA 35 12 8 2 2 27 12
C.D.CONXO 35 12 7 3 2 35 15
E.F.LALIN 35 12 8 1 3 28 14
BERGANTINOS C.F. 27 12 5 3 4 30 19
IMPERATOR O.A.R. 26 12 6 2 4 39 16
C.D.CALASANZ 25 12 4 3 5 28 25
AT. DE RIVEIRA 19 12 4 0 8 25 34
RESIDENCIA 8 12 1 1 10 8 52
MILAGROSA 3 12 1 0 11 9 55

PRÓXIMA XORNADA

Imperator - G. Caranza Bergantiños - San Tirso
Residencia - Conxo At. Riveira - Milagroza
EF Lalin - Calasanz

INF. GAL. DESCENSO SUR RESULTADOS
Porriño - Salgueiriños 0-2
CD Aroesa - Pabellón Prom. 8-0
ED Arousa - Alondras 0-1
Calasancio - Coruxo 6-0
ED Ourense - R. Bouzas 1-0

CLASIFICACIÓNs
Equipo PTS X G E P GF GC
E.D.OURENSE 41 12 9 0 3 22 15
SALGUEIRINOS 34 12 7 2 3 14 11
E.D.AROUSA S.D. 33 12 8 0 4 23 16
PORRINO C.F. 31 12 7 2 3 24 13
ALONDRAS C.F. 31 12 5 3 4 20 18
C.D.AROESA 31 12 6 2 4 32 16
C.P.CALASANCIO 20 12 4 3 5 18 18
CORUXO F.C. 14 12 3 2 7 15 29
RAPIDO BOUZAS 12 12 1 3 8 15 22
PABELLÓN PROM. 7 12 0 3 9 9 34

PRÓXIMA XORNADA

R. Bouzas - Porriño Alondras - Calasancio
Salgueiriños - CD Aroesa Coruxo - ED Ourense
Pabellón P. - ED Arousa

II BATALLA DE PORTEIROS RCV 19 VENRES ABRIL 2019
Organiza: R.C.D.
CATEGORÍAS:
Categoría Sub-12: Nados nos anos 2007 / 2010 (fútbol 8)
Categoría Sub-15: Nados nos anos 2004 / 2006
Categoría Feminina: Nadas antes do ano 2003 (inclusive)
Categoría Sub-18: Nados nos anos 2000 / 2003
Categoría Senior: Nados antes do ano 1999 (inclusive)
INSCRIPCIÓNs LIMITADAS!!!
LUGAR: CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL "A MAGDALENA"
batallaRCV@gmail.com
CONTACTO:
TEL. 646 38 64 05 / 676 00 74 31 / 982 51 20 78
www.batalladeporteiroscrv.wordpress.com

www.liderlugo.es
Todas as fotos da xornada na WEB



Pera tras anticiparse a un dianteiro do Val Miñor



Jesús sacando o balón controlado dende atrás



Xabi Dominguez iniciando una xogada pola esquerda

O Lugo despediu a División de Honra cun lixeiro sorriso

A COMPETICIÓN FINALIZOU cunha vitoria ante o Val Miñor nun encontro sen absolutamente nada en xogo na Cheda

O Lugo puxo o punto e final a unha nova tempada na que conseguiu, con factura, o principal obxectivo, a permanencia. Pero un curso máis esta competición segue deixando máis sombras que luces. É a máxima categoría do fútbol base nacional e estase quedando obsoleta en todos os sentidos.

A ampliación dos grupos propiciou que cada tempada a calidade da competición sexa menor. Os grandes non a toman en serio ou só o fan se teñen opción de ser campións. Incluso a Copa é un premio menor.

En teoría, a División de Honra xuvenil, á marxe de ser a última de formación, debería ser como foi durante moitos anos o trampolín para o fútbol profesional, pero cando remata a primeiros de abril, algo mal se está facendo de saída.

Esta tempada o Lugo volveu soñar con cousas importantes, o podio da clasificación final, sobre todo na primeira volta. Unha vez descolgados da loita e coa permanencia no peto, Álex Antón conseguiu o máis difícil, manter a ilusión pese á infinidade de cambios e debuts que se produciron ao longo da segunda



Arbitro: Jesús López Fernández. Campo: A Cheda

“Enhorabuena a todos los jugadores que participaron esta temporada y sobre todo a Álex Antón, Bruno y Fran por el excelente trabajo realizado”

MIGUEL MATEOS CD Lugo

volta, con 35 xogadores con minutos ao longo da tempada.

A despedida chegou ante o Val Miñor nun partido sen nada en xogo por parte de ambos conxuntos, unha falta de tensión indigna por momentos nun partido de División de Honra no que o Lugo puxo a efectividade cara á porta contraria.

Practicamente as únicas ocasións da primeira parte remataron en gol. O un a cero asinou Shuster cun disparo pegado ao

poste e, tras un remate do Val Miñor á madeira, antes do descanso, David Guitián fabricou o dous a cero nunha acción pola banda que culminou Rubén cunha boa chegada desde segunda liña.

Ao comezo da segunda parte, o Val Miñor recortou distancias cun penalti que transformou Ares. A partir de aí, os visitantes foron mellores ante un Lugo que se repregou e buscou as súas opcións á contra.

O Val Miñor estrelou outro balón no pau e ase-

35

XOGADORES participaron esta tempada na División de Honra. 31 en idade xuvenil e catro aínda cadetes. Pérez, Rosón, Samu e Brian

2

DEBUTS o cadete Brian e Damián ampliaron a armada de xogadores albirvermellos que tiveron minutos esta tempada co Lugo na División de Honra

5

MESES POR DIANTE ata que empece a nova tempada. Un parón excesivamente longo que teñen que afrontar os xogadores ata a primeira semana de setembro

diou a porteria defendida por Brais, pero o Lugo mantívose en pé e puido sentenciar o encontro tras un pase de Pera ao debutante Brian, pero o cadete non puido estrear a súa conta na máxima categoría nunha acción na que o porteiro visitante lle gañou a partida.



Casariego en plena incorporación pola banda



David Guitián, tras regatear a un xogador do Val Miñor



Shuster controlando o balón ante un defensa rival

Homenaxe a Jorge con vitoria e golazos

O RÁcing VILLALBÉS impúxose ao Choco no Roca nun partido con recordo ao terceiro cabodano do eterno 9



Os xogadores do rácing posando ante o mural de Jorge



Herrero a punto de sacar un centro dende a banda dereita



Rares disparando a porteria dende dentro da área

O pasado venres cumpríanse tres anos do trágico accidente de tráfico no que faleceu Jorge Tato tras sair dun adestramento co Rácing Villalbés. Tres anos nos que o punta chairego segue presente en cada encontro.

OS MELLORES

- CD LUGO B**
- PORTO**
- MARTÍN**
- YAGO**

e fixérono da mellor forma posible, dedicándolle os tres puntos co que mellor sabía facer, con tres golazos.

O Villalbés recibiu ao Choco do lucense Alberto Suárez, un equipo ao que lle gusta ter o balón. Con todo no Roca son os de Cholas os que escriben os guións e cunha presión alta obrigarón aos pontevedreses a xogar directo. Nas disputas e segundas accións o

“Ánimo a Alex. Qué gran victoria le hemos brindado a Jorge! Sempre con nós”

CHOLAS Rácing Villalbés

Villalbés, tras levar o partido ao seu terreo, foi mellor. O goteo de ocasións chegou en accións a balón parado pero o un a cero asinou Castrín cun golazo de vaselina no ecuador da primeira parte, xusto cando Álex se tivo que retirar por un golpe na cabeza que, tras las probas realizadas, des-



Anxo anticipándose a un xogador do Choco en medio campo

O Lugo B xa acariña a permanencia

OS 38 PUNTOS ANTÓLLANSE SUFICIENTES para manter a categoría pero aos lucenses aínda lles quedan por diante cinco partidos con 15 puntos en xogo na Liga Nacional



Ander a punto de gañar a liña de fondo nun partido



“Din que para chegar no futbol, non se chama á porta, tírase con ela. Pois estamos a darlle unha boa tunda!”

MOURELOS CD Lugo B

tralo último apagón en Santiago. O encontro era a cara ou cruz para os herculinos e demostrárono desde o inicio, cunha posta en escena moi intensa coa que pecharon ao Lugo na súa área. Os de Mourellos saíron sen rabuños do tramo inicial grazas á solvencia defensiva e, unha vez que capearon o arreón inicial, fixéronse co encontro nun terreo de xogo moi amplo no que o Orillamar non puido manter a presión inicial. Dani Vidal demostrou unha vez máis que os galóns son para poñelos ao

servizo do equipo e o capitán en División de Honra remangouse unha vez máis en Liga Nacional para ser determinante. O medio centro inaugurou o marcador ao cuarto de hora tras aproveitar un rexeitamento e, a partir de aí, o Lugo B monopolizou o balón e o xogo, asinando o segundo tras unha longa xogada que rubricou Álex Ramos, estreando posición de nove. O dominio con posesións longas continuou na segunda parte na que Dani Vidal fixo o terceiro a pase de Martín.

O Lugo B, tras impo- encontros deixan aos de ñerse ao Orillamar en Elviña, xa suma máis puntos nas últimas sete xornadas que nas primeiras 22 disputadas. Seis triunfos nos últimos sete raron o pulso a domicilio

OS MELLORES

- CD LUGO B**
- XAIRO**
- PORTO**
- RIVAS**

“Showtime” do Viveiro

VENDAVAL CELESTE NO MARCOS GÓMEZ para volver á senda da vitoria na Liga Galega xuvenil facéndolle un sete ao Conxo Santiago B

VIVEIRO CF **7** **1** **CONXO SANTIAGO B**

Goles: Yago, Maclý, Borja, David, Ángel e Carlos e outro en propia porta. **Go:** Jonathan.

8 GOLES con oito rúbricas distintas. Nigún xogador marcou máis dun gol pese a verse oito ao longo dos noventa minutos no Municipal Marcos Gómez de Viveiro



O plantel do Viveiro celebrando o 7-1 ao remate do encontro

“La segunda vuelta de este equipo está siendo impresionante. A ver si nos dura hasta el final de temporada” **ANTONIO SERRANO** Viveiro Club de Fútbol

O Viveiro asinou a goleada da xornada e da tempada na Liga Galega nun partido disputado no Marcos Gómez. O sete a un final ten varias lecturas nun encontro de poder a poder nos primeiros minutos e nunha primeira parte marcada pola presión alta dos composteláns, que cavaron a súa propia tumba ao non ter cambios neste partido polo que na segunda parte pagaron cunha goleada o esforzo realizado nos primeiros corenta e cinco minutos.

camente no medio campo, intentando que se xogara no terreo de xogo do Viveiro pero deixando moitos espazos á contra, algo ante o que David Ben se frotou as mans, inaugurando o marcador aos cinco minutos tras un balón ao espazo de Maclý. Os composteláns continuaron coa súa aposta que, por momentos, lles funcionou ao cometer o Viveiro moitas imprecisións na saída de balón. Nunha delas, o Conxo Santiago devolveu as táboas ao marcador no ecuador da primeira parte.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

XAVI 2 2 2

MACLY 2 2

DAVID 2

Antes do descanso Maclý aproveitou a confianza do porteiro visitante para facerse cun novo balón ao espazo e anotar o dous a un antes do descanso. Xa na segunda parte, co paso dos minutos, o Conxo Santiago empezou a perseguir sombras no Marcos Gómez. O Viveiro tivo máis calma e calidade no último pase e na definición polo que, co paso dos minutos, a diferenza foise ampliando ata chegar aos cinco goles na segunda parte para

pechar o electrónico co avultado sete a un final. **Próxima xornada** O Viveiro, sexto na táboa, viaxa a Narón para medirse con O Val que ben de ganar por un gol a cinco, que ocupa a segunda posición e que está con catro puntos de marxe sobre o Bergantiños na loita que manteñen ambos equipos polo ascenso á Liga Nacional xuvenil.

Tralo parón, o Calasancio disputará cinco finais

VINTE DÍAS por diante para preparar da mellor forma posible o sprint final

RIBADUMIA **3** **0** **CALASANCIO**

Goles: Adrián (2) e Alejandro polo Ribadumia. “Quedámonos coa segunda parte na que competimos moi ben. Seguiremos traballando para afrontar as finais que nos quedan” **CARLOS FONTAL** Calasancio

O parón de 20 días que ten por diante o Calasancio na Liga Galega xuvenil chégalle en bo momento aos de Carlos FONTAL, que intentará recuperar efectivos e a mellor versión do equipo para afrontar as cinco finais que lles quedan coa permanencia en xogo.

Ante o Ribadumia as ausencias de Andrés por lesión e Nico en competición de piragüismo mermaron aos monfortinos, que estiveron demasiado repregados na primeira parte. Así, cando recuperaban o balón había moita distancia que percorrer ata a portería rival polo que apenas tivesen presenza en ataque. Pola súa banda, os locais tiveron ese chischo de fortuna necesaria para inaugurar o marcador tras un disparo no que o balón rebotou en Arca e desviou a traxectoria cara a Manu. Antes do descanso, marcaron o dous a cero. Na segunda parte, o Calasancio acariñou o dous a un pero non tivo fortuna e, pese a estar mellor que na primeira parte, terminou encaixando o tres a cero.

URAL B **1** **RESIDENCIA**

Goles: Gabriel polo Ural B, Begonte pola Residencia. **Arbitro:** Alejandro Castro Alarcón.

Punto para coller impulso

TRALO PARÓN, a Residencia xogarase a permanencia



Reigosa e Ander roubando un balón en medio campo na Cheda

e no que sobre todo aparece no horizonte unha saída ás Pontes. A Residencia viaxou á Coruña moi mermada de efectivos. Os da Cheda reciben o parón de bo grao para recuperar efectivos xa que ante o Ural tan só contaron con trece xogadores dispoñibles. Pese a iso, o partido foi

bo, sobre todo na primeira parte na que Begonte fixo o cero a un cun disparo desde a frontal ao fio do descanso. Antes, a Residencia dispuxo das ocasións máis claras pero faltoulle calma nos metros finais para poder irse ao descanso cun marcador máis amplo.

OS MELLORES

RESIDENCIA

PABLO D. 2 2 2

BEGONTE 2 2

GARCÍA 2

“Agradecemos el parón del próximo fin de semana para intentar recuperar a los jugadores tocados para el sprint final de temporada”

DANI GALÁN Residencia

Ao comezo da segunda parte Fonseca tivo o cero a dous pero acto seguido chegou o empate a un. A partir de aí, os dous equipos tiveron ocasións para desnivelar o marcador pero o un a un mantívose ata o asubio final. Un punto que sabe a premio e co que a Residencia chega ao parón con deberes pero con certa marxe de erro aínda na Liga Galega xuvenil.

Cruel derrota para un Lugo que tocou o podio ca punta dos dedos

PÉREZ ADIANTOU AOS DE MURADO nun duelo directo polo terceiro posto ante o Ural. Os albivermellos foron mellores nunha primeira parte na que o 0-1 se antollou escaso



Manu loitando pola posesión do balón ante dous xogadores do Ural no partido de ida

Dura derrota do Lugo en Elviña especialmente por como se produciu, xa que dentro dun partido espectacular entre dous dos mellores equipos galegos en idade cadete, os lucenses adiantáronse no marcador e encaixaron o gol da derrota

a catro minutos para o final, poñendo fin a unha xeira de 7 vitorias consecutivas na División de Honor.

A primeira parte, sobre todo, foi moi boa por parte do Lugo ante un gran Ural. Os lucenses tiveron máis dominio e xeraron ocasións

máis claras de gol. A primeira nun tanto anulada a Pérez tras centro de Manu nunha acción coa que o Lugo lle meteu o medo no corpo ao rival. Na segunda chegada con perigo, Pérez, cun centro chut, inaugurou o marcador no ecuador da



“Esfuerzo enorme dende o primeiro ata o último xogador” MARTÍN MURADO CD Lugo

primeira parte.

Antes do descanso Manu tivo o cero a dous cun man a man que rematou escorado e o balón rebotou pola parte exterior do poste. As sensacións ao final do primeiro tempo eran moi boas e o Lugo, ao descanso, era terceiro xa que igualaba o average particular tralo un a dous da ida e leva máis diferenza de goles a favor e en contra que os coruñeses.

Na segunda metade o

Ural cambiou o signo do partido. Co marcador en contra, arriscou máis e saílle ben xa que á hora de xogo empataron o encontro tras un barullo na área lucense.

Na recta final, os dous equipos buscaron o gol da vitoria e o premio chegou para os herculinos cun remate de cabeza no primeiro pau sen que Ruso puidese facer nada. O Lugo colgou balóns en busca do empate nos últimos instan-

7

VITORIAS a xeira de triunfos consecutivos do Lugo quedou en sete trala derrota en Elviña Grande, onde os de Murado acariñaron o terceiro posto por momentos

2-1

MESMO RESULTADO que no partido de ida. Co momentáneo 0-1 ao descanso, o Lugo tiña no seu poder o terceiro posto xa que, co average empatado, no global os albivermellos tiñan +22 por +18 dos herculinos

5

XORNADAS restan tralo parón da próxima fin de semana con 15 puntos en xogo. O Lugo para asaltar o terceiro posto necesita recuperar sete respecto ao Ural

tes pero sen fortuna para poder como mínimo rabuñar un punto ante o Ural.

O Viveiro seguirá na Liga Galega

A PERMANENCIA É UN FEITO ao alcanzar os 38 puntos tras impoñerse a un Xuventude Oroso xa ascendido á División de Honra cadete



Alex, autor do un a cero, a punto de golpear o balón

A Liga Galega cadete seguirá facendo escala en Viveiro unha tempada máis despois de que os celestes selasen o obxectivo marcado ao comezo de curso coa vitoria sobre o Xuventude Oroso, que a tempada que vén estará en División de Honra cadete.

Os de Luchi, con 38 puntos, aseguran a permanencia con cinco xornadas de antelación. Os celestes pasaron por momentos complicados, especialmente na primeira volta, pero souberon saír deles con traballo para terminar conseguindo a continuidade con suficiencia.

O pasado sábado no Marcos Gómez, o Viveiro



“Un buen partido con un premio merecido para el equipo”

LUCHI Viveiro CF

fixo esperar e o Viveiro puxo terra polo medio no marcador co dous a cero tras un pase de Pablo que rematou no segundo poste Pablo Alonso, poñendo o broche de ouro á primeira parte.

Na segunda, o Oroso tirou de toda a súa artillería, exhibiu calidade e quitoulle o balón a un Viveiro que xa non se atopaba tan cómodo, pero, malia encaixar o dous a un, aguantaron o tirón final do Oroso en busca do empate ao refrescarse o equipo cos cambios e saber sufrir todos xuntos nos últimos minutos para salvar tres puntos que valen unha permanencia.

saltou ao campo coa intención de sumar os tres puntos sen especular. Luchi planeou o encontro cunha presión alta para dificultar a saída de balón visitantes e sobre todo para que se xogase en campo rival. Un plan que se executou á

perfección xa que aos vinte minutos Álex anotou o un a cero ao rematar de cabeza unha falta lateral.

O gol fixo que o Viveiro retrocedese metros e con iso o Oroso gozou dos seus mellores minutos na segunda parte. Con todo, a reacción local non se

OS MELLORES

VIVEIRO
TRASI
PABLO
NOVO

Permanencia á vista

O LUGO B SAE MOI REFORZADO DESTA XORNADA tras impoñerse ao Rácing de Ferrol B pasando da barreira dos trinta puntos



DEBUTS os infantís Buide e Rosón disputaron os seus primeiros minutos na Liga Galega cadete. Tamén xogou Dani, que xa se estreara ante o Orillamar no último encontro na casa



Xael Irimia controlando o balón en medio campo ante un rival

“Noraboa a todos polo esforzo, compromiso e dedicación. Este grupo fai que todo sexa máis doado” YONI CD Lugo B

O Lugo B deu un paso de gigante cara á permanencia na Liga Galega cadete. Os albivermellos, dirixidos neste encontro por Yoni ante a ausencia de Jose Seoane, impuxéronse a un rival directo e con eles exceden a barreira dos trinta puntos, algo que se antolla moi complicado que superen Milagrosa e Lalín.

Os dous equipos xogábanse moito e ambos eran consciencia de diso, de aí a que a loita fose sen tregua desde os primeiros minutos nos que o encontro empezou de forma frenética. Nada máis comezar o Rácing

de Ferrol amagou co cero a un tras un centro e rexeitamento na área dun Lugo B que aos tres minutos de xogo fixo o un a cero. Un gol que asinou Michi, marcando por terceira xornada consecutiva, tras unha acción por banda. Pouco despois o propio Michi puido ampliar a conta pero o dous a cero fixoo Borja ao borde do descanso cun gran disparo desde fóra do área co que puxo o balón no ángulo da portería.

O dous a cero ao finalizar a primeira parte era un xusto premio para os lucenses, pero aínda quedaban corenta minutos por



Borja, autor do 2-0, co balón ao borde da área do Ferrol B

diante e os ferroláns aínda non dixeran a súa última palabra.

De feito, o colexiado anuloulles un gol tras unha falta pero o dous a un chegou á hora de partido, deixando todo aberto de cara a uns últimos vinte minutos de encontro nos que Yoni puxo no terreo de xogo a Gabri e tres infantís, dous deles debutantes, que arrimaron o ombreiro para sumar tres puntos que poden ser decisivos.

O Rácing traza e cumpre o guión previsto

VITORIA solvente dos de Simón Lamas na Estrada



Goles: Anxo polo Estrada; Diego e Gabi (2) polo Racing Villalbés

Arbitro: David Martínez e Jose Vale

“Os tres mediocentros permitíronnos ter moita continuidade con balón, e desgastar o suficiente o rival para gañar comodamente”

SIMÓN LAMAS RC Villalbés

O Rácing Villalbés saiu da Estrada coa satisfacción de facer un partido moi completo no que sumaron os tres puntos con xustiza. Ademais, Simón Lamas volveu dar minutos de calidade a xoga-

OS MELLORES

VILLALBÉS

NOEL V. 2 2 2 2

NOEL T. 2 2

DIEGO 2

dores infantís, como Noel Teijeiro, que foi titular, ou Hugo Xabier, que entrou na segunda parte.

Nos primeiros minutos non houbo dominador, ningún equipo puido controlar os tempos nin a posesión polo que as ocasións sucedéronse nas dúas áreas. O Estrada estrelou un balón no poste pero a pegada correu a cargo dos chairegos. O cero a un asinou Carlos ao rematar de cabeza un bo centro de Gabi, antes do cuarto de hora. Tan só catro minutos despois, Gabi fixo o cero a dous ao intercambiarse os papeis cun Diego que asistiu para que o extremo rematase de cabeza.

Co partido controlado chegouse á segunda parte na que o Villalbés xogou á perfección co marcador ata que Gabi volveu acudir á súa cita co gol para asinar o sétimo da tempada e segundo neste encontro no que o Estrada maquillou o marcador final cun gol no último minuto.



Goles: Brais polo Calasanz B

Arbitro: Alejandro Vázquez, Miguel Pin e Anai Vázquez Expósito

A Milagrosa encaixou unha dolorosa derrota ante o Calasanz B en Frigsa. Dolorosa pola importancia dos puntos pero sobre todo por como se produciu.

Os de Madriles foron claramente superiores na primeira parte, que terminou con cero a cero, mentres que, na segunda,

O gol, materia pendente

A MILAGROSA mereceu máis ante un Calasanz B que tivo a pegada que lle faltou aos de Madriles en Frigsa

“Creo que merecimos máis en este partido. Toca levantarse y seguir trabajando”

MADRILES Milagrosa

sen ter tanto dominio, dispuxeron das ocasións máis claras pese ao 0-1 co que terminou o partido.

Os herculinos, un dos mellores equipos da Liga, non se xogaban nada e notábase que tiñan menos presión. Na primeira parte a Milagrosa apertou arriba a saída de balón e practicamente xogouse en campo visitante, dispoñendo Cabarcos e Yago das dúas ocasións máis claras.

Con cero a cero iniciouse a segunda parte, na que o Calasanz B xa conseguiu sair con máis facilidade da presión



Juan desborbando a súa marca pola banda dereita en Frigsa

lucense polo que Pablo, porteiro infantil que debutou na Liga Galega cadete, salvou o cero a un cun disparo afastado pero encaixou gol pouco despois tras un saque de esquina á hora de xogo.

Con vinte minutos por diante e co vento a favor, a Milagrosa

xerou ocasións suficientes para gañar, sendo a máis clara un remate de Rafa á madeira. Ademais, Denis tivo dous man a man ante o porteiro herculino e Yago un remate franco no que tampouco atopou o camiño do gol. Un premio que se resistiu ata o asubido final, pese a merecelo.

OS MELLORES

VILLALBÉS

NOEL V. 2 2 2 2

NOEL T. 2 2

DIEGO 2

Hai pulso en Monforte

O CALASANCIO ENCARA A FINAL DAS FINAIS que disputará a próxima xornada ante o Alondras coa moral a tope tras impoñerse ao Coruxo no Alex Blanco

CP CALASANCIO **6** **0** **CORUXO** **11**

Goles: Dalama (Carmen, Guiti e Nacho (3))



Arbitro: Borja Durroga. Joel Lanzós e Alejandro Lagos. Campo: Alex Blanco

PUNTOS cos postos de permanencia que marca o Alondras, próximo rival dos monfortinos ante o que se xogan a súa última bala en busca da permanencia



Cerejo presionando a un xogador rival en medio campo

“Noraboa ao equipo por esta vitoria que mereceron ao longo de todo o encontro”

MANU RODRIGUEZ CP Calasancio

O Calasancio cargou ao máximo o depósito da confianza tras impoñerse ao Coruxo por seis goles a cero. Xusto antes de visitar na próxima xornada ao Alondras, equipo que marca os postos de permanencia e que está a once puntos de distancia. Unha vitoria dos de Manu Rodríguez alimentaría un pouco as opcións de permanencia mentres que unha derrota sería a antesala do descenso de categoría.

A mellor forma de chegar á final das finais ata a data é coa moral no máis alto e o Calasancio conseguiu tras asinar a súa vitoria máis ampla esta tempada ante o Coruxo.

O encontro apenas tivo histo-

ria xa que o equipo monfortino foi superior en todos os aspectos do xogo, monopolizando o balón desde os primeiros minutos ante un Coruxo que cunha defensa de cinco e moitos xogadores por detrás do balón apenas tivo protagonismo en ataque.

O Calasancio armouse de paciencia e Nacho atopou o camiño do gol co un a cero, ao rematar un centro lateral, e co dous a cero, antes de que Dalama, cun remate de cabeza, selase o tres a cero co que se chegou ao descanso no Alex Blanco.

Na segunda parte, o Calasancio evitou que o Coruxo soñase con metese no encontro e, tras o catro a cero por medio de Car-

men, os visitantes baixaron por completo os brazos ata encaixar o definitivo seis a cero cos dous últimos tantos que subiron ao marcador, de Nacho, que terminou cun hat trick, e Guiti.

Co partido ante o Alondras ao

virar a esquina, os de Manu Rodríguez encaran unha semana importante de adestramentos para poder manter viva a chama da esperanza da permanencia na Liga Galega infantil unha tempada máis.

Dúas partes moi distintas da Residencia en Caranza

1-0 AO DESCANSO en corenta minutos nos que os lucenses estiveron moi ben

G. CARANZA **7** **0** **RESIDENCIA**



Goles: Victor, Marco, Aarón, Alejandro (2) e Bruno polo Galicia Caranza

“Segunda parte desastrosa que nos impidió sacar provecho del buen trabajo que realizamos en los primeros cuarenta minutos”

KAISER Residencia

A Residencia naufragou na segunda parte na Gándara ante o Galicia de Caranza ao encaixar seis goles nos segundos corenta minutos de partido. Ata entón, tralo visto no terreo de xogo na primeira parte, nada facía presaxiar un desenlace así.

A Residencia tivo o partido controlado desde o inicio e ata na recta final da primeira parte puido adelantarse no marcador nunha acción na que Alonso se plantou no man co porteiro ferrolán.

A Residencia perdoou pero o Galicia Caranza aproveitou a súa ocasión para poñerse por diante antes do descanso tras un roubo de balón na última xogada da primeira parte, un duro golpe para a moral dos lucenses, que na segunda parte desapareceron do campo e foron encaixando goles co paso dos minutos ata chegar ao avslutado sete a cero que para nada se podían imaxinar trala primeira parte do encontro.

MILAGROSA **0** **5** **IMPERATOR**



Goles: Rubén, Sam, Jorge, Martín e David polo Imperator.

Árbitro: Tania Fente Pena, Antón Lodeiro e Brenda Lence

Non por ser un segredo a voces deixa de ser algo triste. A Milagrosa perdeu a categoría tras perder ante o Imperator en Friga nun partido no que se repetiu o guiño da maioría dos partidos nesta segunda fase nos que a Milagrosa recibe un castigo excesivo no marcador respecto do sucedido ao longo do encontro sobre o terreo de

Descenso confirmado

A MILAGROSA PERDEU A CATEGORÍA de forma matemática tras caer ante o Imperator na Friga

“El cero a cinco final es demasiado castigo para lo que se vió sobre el terreno de juego”

MADRILES SDC Milagrosa



Hugo protexendo o balón ante David e tres xogadores rivais

xogo. Na primeira parte os de Madriles estiveron francamente ben. Encaixaron o cero a un ao cuarto de hora cun disparo afastado pero Raúl e David tiveron dúas claras ocasións para poder empatar o encontro. Con todo, a pegada correu a cargo dos herculinos co dous a cero co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte, a Milagrosa volveu ter opcións, de novo por medio de Raúl con dúas ocasións coas que o equipo se puido meter de novo

na loita polos puntos. Na recta final, como nos últimos partidos, tres goles do Imperator desluciron no marcador o bo traballo que fixeron os lucenses ao longo do encontro. Na próxima xornada, a Mila-

OS MELLORES

MILAGROSA
CRISTIAN 2 2 2
HUGO 2 2
DAVID 2

grosa ten unha longa viaxe a Riveira para medirse cun equipo que se xogará unha das súas últimas balas na loita pola permanencia na Liga Galega. Ante o Riveira conseguiron os de Madriles a súa única vitoria na primeira volta.

Apagón total en Cospeito

O DEPORTIVO BORROU DO CAMPO A UN LUGO Falto de intensidade nos primeiros minutos, que despois xa nunca puido engancharse ao encontro disputado na Fonte



Dani co balón ante un xogador do Deportivo pola banda



Moha medíndose cun xogador herculino tras un balón solto

O Lugo esperaba con ganas ao Deportivo no grupo polo título da Liga Galega infantil. Os lucenses gañaron a pulso o soño de competir cos máis grandes pero nada saíu como se esperaba. O partido xogouse por semana nun campo distinto ao habitual, en Cospeito, e o Deportivo, que veu con todo o seu arsenal, viu porta desde o inicio cunha facilidade pasmosa.

OS MELLORES

CD LUGO	
ROSÓN	👍👍👍
DANI	👍👍
BUIDE	👍

toria no que o Lugo entrou por baixo da súa mellor versión. Iso entre un equipo que quere ser campión Galego págase, e caro. O cero a un chegou no primeiro minuto; aos cinco de xogo, o Deportivo xa se puxo con cero a semo e, antes do cuarto de hora inicial, chegou o cero a tres.

O Lugo quedouse sen marxe para a reacción cunha hora por diante polo que o encontro na Fonte fíxose eterno.

“Lo que nos toca es coger con ganas la semana de entrenamientos para hacer un buen próximo encuentro y sacarnos este mal sabor de boca cuanto antes” **DANI GALÁN** CD Lugo

O cero a catro chegou en propia porta. O Deportivo cheirou sangue e foi a por todas asinando un cero a seis ao descanso co que daban un golpe de autoridade moi grande en Cospeito.

No intermedio, Dani Galán intentou que o seu

equipo esquecese o marcador e compitese na segunda parte como se empezase un partido novo. Os lucenses, moi tocados de moral pero tamén de orgullo, foron máis competitivos pero, aínda así, o Deportivo levou o resultado ata o avultado cero a oito final.



Marco protexendo o balón nun lance do xogo pola banda

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
VELOSO	Residencia	12	ANXO	RC Villalbés	36	BRIAN	CD Lugo	17	LUIS	Viveiro CF	38	AYMAN	CD Lugo	18	CEREJO	Calasancio	41
ÁLEX RAMOS	CD Lugo	10	JUAN	Viveiro CF	32	GABRIEL	RC Villalbés	16	MIGUEL	SCD Milagrosa	35	NACHO	Calasancio	12	LEO	Milagrosa	28
CHRISTIAN	CD Lugo	10	PABLO D.	Residencia	24	LUIS	Viveiro CF	14	TRASI	Viveiro CF	33	PÉREZ	CD Lugo	12	MARCOS	Milagrosa	23
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	10	PORTO	CD Lugo B	22	PÉREZ	CD Lugo	10	DANI	RC Villalbés	25	MOHA	CD Lugo	9	B. VASCO	Milagrosa	20
JAIRO	Viveiro CF	10	XABI B.	CD Lugo B	21	SAMU	CD Lugo	9	CADRA	RC Villalbés	24	DÍAZ	Calasancio	7	BUIDE	CD Lugo	19
FAGÍN	Calasancio	8	RARES	RC Villalbés	21	BORJA	CD Lugo B	8	YAGO	SCD Milagrosa	24	DANI	CD Lugo	6	GONZALO	Milagrosa	18
MIGUI	Ribadeo	7
ISRA	SD Viveiro	7
RICARDO	Villalbés A	7
S. VIVERO	Residencia B	6
KAY	Ribadeo	6

Regularidade

INFANTIL PROVINCIAL

Xogador	Equipo	P.
JARNO	Sagrado A	33
XABI	Residencia B	30
CANDELA	Becerreá	27
DAVID B.	Sagrado A	27
CARLOS	Becerreá	24
ADRIÁN	Burela SD	24
S. VÉLEZ	Residencia B	22
MARTÍ	SD Viveiro	21
YAGO	Burela SD	21
ADRIÁN	SD Viveiro	20
XOEL	Sarriana	19
ÓSCAR	Residencia B	18
CARLOS	Ribadeo	18
BRUNO	Lugo B	17
FRAN	Sagrado A	17
NOEL	Villalbés A	17
FERNANDO	Burela SD	16
DANI	Lugo B	16
ANDRÉ	Lugo B	16
GAYOSO	Burela SD	15
ÁLEX	Lugo B	15
SAÚL F.	Sarriana	15
ROI	Ribadeo	14
CARLOS	SD Viveiro	14
ANXO	Villalbés A	14
DAVID	Ribadeo	13
MIGUI	Ribadeo	13
KIKE	Sagrado A	13
RUBÉN	Sarriana	13
BRAIS	Ribadeo	12
CARLOS	Sarriana	12
SERGIO	Becerreá	11
ADRI	Ribadeo	11
TOURÓN	Sarriana	11
PEPE	Lugo B	10
OMAR	Lugo B	10
ADRIÁN	Becerreá	9



Iván e Ramiro corren para alcanzar o esférico nun lance dun encontro desta temporada en Santa Cruz, ao fondo, o porteiro Diego segue a acción

Paso de xigante cara o título

O BURELA CHEGA Á RECTA FINAL liderando a táboa e con marxe de erro para alzar o título, que ademais lles permitiría ser cabeza de serie na fase de ascenso

SARRIANA	0	3	BURELA
Goles: Adrián, Fernando e Aleixo.			



Arbitro: Manuel López Casas. Campo: A Ribela

O Burela recuperou o liderado e puxo terra polo medio cos seus rivais esta semana ao impoñerse nos dous encontros que disputou: o primeiro nas Gándaras o mércores e o segundo o sábado na

Ribela. Así, os de Javi Ruíz chegan ás tres últimas xornadas con tres puntos sobre o Ribadeo, segundo clasificado, polo que con dúas vitorias e un empate serían matematicamente campións provinciais.

Ante a Sarriana o partido, de inicio, estivo marcado polas ausencias de Nacho, Tourón e Saúl Fernández, polo que Raúl apostou por un equipo practicamente de primeiro ano para ir moldeando o equipo de cara á próxima tempada.

O Burela tivo o control do xogo desde os primeiros minutos e, antes do cuarto de hora inicial, Fernando inaugurou o marcador tras unha acción individual. Antes do descanso Aleixo, cun remate co calcaño co que colocou o balón no ángulo da portería, fixo o cero a dous.

Na segunda parte, a Sarriana repregouse con orde e o Burela xogou máis en horizontal, ao confor-

“Moi contento cos nenos. Competimos contra un equipo superior con nove xogadores de primeiro ano” RAÚL SD Sarriana

“Un pasiño máis cerca do obxectivo. Noraboa ao grupo” JAVI RUÍZ Burela

OS MELLORES

SARRIANA	BURELA
CARLOS	GAYOSO
PABLO NO	YAGO
FRAN	PABLO G.

dos últimos nove puntos en xogo. Os de Javi Ruíz teñen un calendario propicio malia xogar dous partidos na casa e un fóra. O

marse coa vitoria sen querer facer máis sangue.

Na recta final, Adrián levou o marcador ata o cero a tres logo dun pase interior de Pablo Gil que aproveitou o punta mariño tras un rexeitamento.

O Burela será campión Provincial se suma sete

seguite será en Becerreá e despois reciben na Marosa á Residencia B para poñer o punto e final á competición nas Gándaras ante o Lugo B. Todo iso con tres puntos de vantaxe sobre Ribadeo, catro sobre o Viveiro e cinco sobre o Rácing Villalbés.

O Viveiro medra con aires renovados

OS CELESTES EXHIBIRON MÚSCULO con 4 novas incorporacións coas que agardan dar o salto á Liga Galega ademais de meter presión polo título provincial no sprint final

VIVEIRO	12
SAGRADO	0

Unai	Alan
Javi	San Emeterio
Bruno Vasco	Adrián
Carlos	Fran
Marc	Alberto
Teshome	Pablo
Adrián	Jarno
Martí	Rodri
Ayana	Manu
Bruno	Isma
Miranda	Basadre
Isra	Hamza
Oscar	Dawit
Dopico	Dani Gómez
David	Dani Gléz.
Samu	Amin

Goles: Miranda (2), Martí (2), Ayana (2), Isra (2), Samu, Adrián, Marc e Carlos.
Arbitro: Juan Carlos Polo Fernández

“Agora, a por la final de Sarria” ANTONIO SERRANO Viveiro

“Partido desigual, pero es lo de menos. Cumplimos varios de los objetivos marcados. A seguir entrenando” ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón A

O Viveiro enderezou o rumbo tras o empate e a derrota das dúas últimas xornadas, nas que quedou viu afastarse a primeira praza. Cun once reforzado con novas incorporacións –Bruno Vasco, da Milagrosa, e Ayana, Miranda e Unai, do San Tirso–, os celestes

impuxéronse a un Sagrado Corazón que non tivo opcións no Marcos Gómez. O primeiro gol, de Miranda, aos cinco minutos de partido comezou a decantar a balanza para os locais que, ao descanso, xa gañaban por 7-0. Na recta final, ao Viveiro só lle vale sumar de



O Viveiro antes de empezarse o encontro no Marcos Gómez

tres en tres. A vindeira cita para os de Antonio Serrano será ante a Sarriana na

Ribela. O Sagrado Corazón recibe a outro aspirante ao ascenso, o Rácing Villalbés.

Os xuíces do Provincial

O LUGO B, QUE DESCANSA NA PRÓXIMA XORNADA, será clave no desenlace final ao medirse con Ribadeo e Burela nas dúas últimas citas

CD LUGO B **RESIDENCIA B**

Goles: Omar (4), Villa (2), Iker (2) e Dani

90

Arbitro: Josué Villabrille Forja Campo: Municipal Rodríguez Lago-As Gándaras

“A seguir trabando e incidindo en los aspectos en los que aún debemos mejorar muchas cosas” **ANTÓN MÉNDEZ** SD Becerreá

OS MELLORES

LUGO B	RESIDENCIA
BRUNO	XABI
OMAR	NICO
IKER	SANTI V.

O Lugo B impúxose con claridade nas Gándaras onde os de Antón Méndez confirmaron o bo momento polo que atravesan no Provincial infantil. O Lugo B tan só perdeu nunha das últimas cinco xornadas e descansará na seguinte antes de volver á competición tralo parón de Semana Santa sendo un dos xuíces do desenlace da competición, xa que se miden a dous dos catro primeiros: o Ribadeo, aínda con opcións de xogar a fase de ascenso, e o Burela, que pode chegar á cita como campión ou xogalo título no partido

das Gándaras. Ante a Residencia B o Lugo monopolizou o encontro desde os primeiros minutos con tres goles na primeira parte e outros tres remates que se estrelaron na portaría defendida por Nico.



Bueno anticipándose a Cillero nunha xogada pola banda

2 **VICTORIAS CONSECUTIVAS** para os de Antón Méndez que tan só perderon un encontro dos últimos cinco disputados, e pola minina ante a Sarrriana nas Gándaras

Tralo descanso a Residencia B acusou o cansazo ante un Lugo B que ao ter a posesión correu menos e chegou ao tramo final máis enteiro, aumentando a distancia no marcador co paso dos minutos ata chegar ao definitivo nove a cero.

Na próxima xornada a Residencia recibe na Cheda a un Ribadeo que loita polos primeiros postos antes de encarar o parón de Semana Santa como antesala das dúas últimas xornadas neste Provincial infantil.



Pepe a piques de golpear o balón ante Yoel, Noel e Óscar



Román consegue marcharse co balón diante de Anxo



Óscar tirase ao chan para cortar a acción do local Iker

CLASIFICACIÓNS

INFANTIL Promoción Ascenso

RESULTADOS

Viveiro – Sagrado Corazón **12-0**
 SD Sarrriana – Burela **0-3**
 SD Ribadeo – SD Becerreá **6-1**
 CD Lugo B – Residencia B **9-0**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
BURELA SD	32	13	10	2	1	58	21
SD RIBADEO	29	14	9	2	3	51	28
SD VIVEIRO	28	13	9	1	3	41	17
RC VILLALBÉS A	27	13	8	3	2	51	21
CD LUGO B	18	14	5	3	6	30	35
SD SARRRIANA	15	12	4	3	5	42	37
SD BECERREA	10	13	3	1	9	19	43
SAGRADO A	7	14	1	4	9	20	50
CD RESIDENCIA B	4	13	1	1	11	19	74

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - RC Villalbés SD Becerreá - Burela
 Sarrriana - SD Viveiro Residencia B - Ribadeo

premios líder 2018
 Fútbol - Fútbol - Fútbol

PRÓXIMA SEMANA

PUBLICACIÓN NOMEADOS

Infantil provincial

1 PORTEIRO
2 DEFENSAS
3 MEDIOCENTROS
2 DIANTEIROS
1 ADESTRADOR

por cada equipo

15 de abril

O Ribadeo en terra de incógnitas

OS DE MORO son segundos a 3 puntos do liderado e teñen o average gañado co Burela, pero contan cun partido máis e a súa presenza na fase de ascenso depende de terceiros

RIBADEO **6**

BECERREÁ **1**

Aarón	Antón
Dopico	Martin
Hugo	Claudio
David	Sergio
Adri	Candela
Xavi	Adrián
Migui	Alejo
Kai	Babiac
Carlos	Deivid
Antón	Andrés
Igna	Carlos
Auoub	Dani
Roi	Alvarez
Sergio	Diego
Brais	

Goles: Carlos polo Becerreá, Migui, Kai, Carlos (2) e Brais (2) polo Ribadeo.

Arbitro: José Luis Rivera Arnau

Tramo final de Provincial con moitas incógnitas por resolver polo Ribadeo. Os de Moro son segundos a tres puntos do liderado pero contan cun partido máis que os seus tres principais rivais, polo que optan ao título pero tamén poden quedar fóra da fase de ascenso.

A xornada de descanso do Ribadeo coincide coa última, polo que só lles queda sumar de tres en tres como fixeron ante o

Becerreá e agardar un tropezco de Villalbés ou Viveiro para clasificarse entre os tres primeiros. O nivel de xogo dos mariños ante o Becerreá demostrou que están enchufados e meterán presión aos seus rivais. Dende os primeiros minutos o Ribadeo xerou ocasións claras de gol e foi Carlos o que inaugurou o marcador e Migui quen o ampliou antes de que Carlos, tras rematar unha falta de cabeza, recortase distancias.

“Partido donimado de principio a fin en el que nos faltó un poco de finalización en la portaría contraria” **MORO** SD Ribadeo

“En este encuentro bajamos los brazos muy rápido” **NICO** SD Becerreá

O Ribadeo cortou o soño da remontada visitante con tres a un antes do descanso e, na segunda parte, o partido e o terreo de xogo fixéronse moi longo e grande ao Becerreá, que encaixou tres goles máis nun encontro dominado de principio a fin

polos mariños. Na próxima xornada, equipo de Moro visita á Residencia B na Cheda e terá un ollo posto non que pase entre a Sarrriana e o Viveiro ademais do que suceda entre o Sagrado Corazón e o Rácing Villalbés.



A Residencia gaña o derbi e apurará as súas opcións

UN GOL DE CHRISTIAN na segunda parte puxo o Provincial cadete patas para arriba ao sacar ao Polvorín do liderado e meter ao Ribadeo

Pichichi CADETE PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
SAMU	Ribadeo	25
DANI	Burela SD	23
ISMAEL	CD Foz	19
DHOMI	Polvorín A	19
DAVID	Sagrado	18
MANU COUCE	Polvorín A	17
LOMBARDÍA	Residencia A	17
ISMA	Monterroso	16
MANOEL	Residencia A	16
HAMZA	Sarriana A	16
ABUÍN	CD Foz	14
MARTÍN	Residencia A	13
SERGIO	CD Foz	12
HUGO SOTO	Burela SD	11
JOSE	CD Foz	11
DEL VISO	Ribadeo	11
MIGUEL	Ribadeo	11
AYÁN	Sarriana A	11
CANCIO	Residencia A	10
MANU	Castro	9
RAÚL	Monterroso	9
SAMUEL	Polvorín A	9
ROI	Ribadeo	9
ÁLEX FDEZ.	Polvorín A	8
IVÁN	Ribadeo	8
LUCAS	CD Foz	7
DAVID	Polvorín A	7
VICTOR	Residencia A	7
YOEL	Residencia A	7
DIEGO	Ribadeo	7
YONI	Sagrado	7
ADRIÁN	Burela SD	6
RIVEIRA	Castro	6
IVÁN	Monterroso	6
ANDRÉS	Polvorín A	6
BORJA	Ribadeo	6
DAVID OTERO	Burela SD	5

SDC RESIDENCIA	10	EF POLVORÍN
-----------------------	-----------	--------------------



Arbitro: Yago Amil Castro. Campo: A Cheda

“Seguimos loitando en cada momento, e o máis importante, mellorando partido a partido”

ADRIÁN VÁZQUEZ SDC Residencia

“Toca seguir trabajando, todavía tenemos objetivos importantes que alcanzar esta temporada”

CABALLERO EF Polvorín

30

PUNTOS para Ribadeo e Residencia, empatados á fronte da táboa, polo que o average particular a favor dos mariñaos deixa aos branquiazuis no segundo posto a falta de dúas xornadas para o remate do Provincial cadete

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial e coa sensación de que o que marcasse primeiro tería moito gañado.

O Polvorín cometeu erros puntuais, con faltas innecesarias próximas á área e a Residencia aproveitouno. Yoel poñía o balón no sitio adecuado e Christian e Brais Gómez levaban o perigo. Nunha destas accións, o centrocampista puxo o balón no segundo pau e Christian rematou ao fondo das mallas.

A partir de aí, o Polvorín arriscou poñendo máis xogadores ofensivos no campo pero a solidez defensiva da Residencia apenas concedeu chegadas con perigo.

Agora a falta de dúas xornadas, a Residencia necesita sumar os seis puntos e que o Ribadeo perda algún ante o Foz na casa ou na última saída a Monterroso.



Miguel Penín golpea o esférico ante o visitante Conde



Alberto Vázquez, Javi Jacob e Martín cun balón dividido



Penín, Miguel, Christian, Manoel e Brais G. celebran o gol

Regularidade CADETE PROVINCIAL

Xogador	Equipo	P.
CARLOS	CD Foz	29
DANI	Burela SD	27
CANCIO	Residencia A	26
ABUÍN	CD Foz	23
ISMA	Monterroso	23
JAVI PÉREZ	Ribadeo	23
RICARDO	Sarriana A	20
ÁLVARO	CD Foz	19
DAVID OTERO	Burela SD	18
MANU	Monterroso	18
DAVID	Sagrado	18
ANDRÉS	Polvorín A	17
LOMBARDÍA	Residencia A	17
SAMUEL	Ribadeo	17
ADRIÁN	Burela SD	16
SERGIO	CD Foz	16
JOSE	CD Foz	15
GABI	Monterroso	15
JAVI	Polvorín A	15
XES	Monterroso	14
BORJA	Ribadeo	14
SAMUEL	Sagrado	14
SERGIO	Burela SD	13
MANU	Castro	13
ÁLEX	CD Foz	13
ÁLEX FDEZ.	Polvorín A	13
IGNACIO	Polvorín A	13
MANU COUCE	Polvorín A	13
SAÚL	Sarriana A	13
AYÁN	Sarriana A	13
ANXO	Burela SD	12
PABLO	CD Foz	12
RAÚL	Monterroso	12
RAÚL	Polvorín A	12
JORGITO	Residencia A	12
DEL VISO	Ribadeo	12
HUGO SOTO	Burela SD	11
MIGUEL	Castro	11

OS MELLORES

RESIDENCIA	EF POLVORÍN
CHRISTIAN	CONDE
BRAIS G.	ANDRÉS
M. PENÍN	RAÚL

Xiro de guión do Provincial cadete na Cheda. A Residencia impuxose cun solitario gol de Christian na segunda parte e apartou do primeiro posto ao Polvorín para darllo ao Ribadeo, que polo average a favor cos da Cheda álzase ao primeiro posto a falta de dúas xornadas para o final.

As ausencias por sanción de Cancio e Lombardía tralo partido da pasada xornada no Pepe Barrera obrigaron a Adrián Vázquez a cambiar o debuxo, influíndo tamén a presenza de Dhomi na punta de ataque.

Con tres centrais, a Residencia tivo ademais moita claridade para sacar o balón xogado e romper a primeira liña de presión do Polvorín, polo que os locais atoparon con facilidade a Miguel Penín na media punta.

Partido baixo mínimos na Ribela

OS DOUS EQUIPOS CON MOITAS AUSENCIAS afrontaron o encontro cun só cambio. A Sarriana foi máis certa ante un Burela que non escatimou en esforzos

SARRIANA	3
BURELA	0

Antón	Manu
Marcos	Raúl Pernas
Pablo	Rafa
Ricardo	D. Otero
Saúl	Sergio
David	Antonio
Pablo	Raúl
Ayan	Alexandre
Hamza	Fran
Somoza	Lucas
Miguel	Alexandre
Ángel	Oscar

Goles: Marcos, Ayan e Hamza polo Sarriana.

Arbitro: Ramón Sánchez Pérez

“Partido marcado polas numerosas baixas que tiñamos. Ainda así, competimos o mellor que puidemos. Nada lles pode reprochar aos rapaces”

RAMIRO CHAVES Burela

A Sarriana quedouse cos tres puntos en xogo na Ribela nun partido marcado polas ausencias, xa que ambos conxuntos tan só contaron con doce xogadores dispoñibles.

A Sarriana abriu o marcador dun tiro desde a frontal de Marcos e, antes

do descanso, Ayan ampliou a renda ao transformar un penalti, riguroso os visitantes.

Na segunda metade, o Burela dispuxo de tres man a man para meterse no encontro pero non o fixo e Hamza sentenciou co terceiro.



Balseiro golpeando o balón durante un partido na Cheda



O plantel da SD Ribadeo cadete, o único equipo que depende de si mesmo para ser campión, na presentación do club no Pepe Barrera I SD Ribadeo

Pole position do Ribadeo tras unha gran remontada

OS DE SUSO COTO LIDERAN O PROVINCIAL a falta de dúas xornadas logo de reaccionar a tempo e sumar os tres puntos nas Gándaras

SAGRADO CORAZÓN **2** **3** **RIBADEO**
 Goles: Eder e Jose | Goles: Diego, Guedes e Carlos



Arbitro: Ángel Manuel Rodríguez Cordero | Campo: Rodríguez Lago 2

OS MELLORES

S. CORAZÓN	RIBADEO
EDER	AARÓN
LOSADA	CARLOS
JOSE	LUCAS

O Ribadeo é o novo líder do Provincial cadete polo que, a falta de dúas xor-

nadas, os de Suso Coto son o único equipo que depende de si mesmo para alzarse co título.

O Ribadeo xogaba dous partidos onte pola mañá. O primeiro nas Gándaras

“Esta actitude e estas ganas son as que tenemos que tener para competir en esta Liga”

“Unha vitoria máis para seguir optando ao título Provincial”

SUSO COTO Ribadeo

ante o Sagrado Corazón e o outro na Cheda onde necesitaba que o Polvorín non gañase para alzarse ao primeiro posto.

O segundo cumpríuse coa vitoria pola mínima da Residencia, mentres que o que a priori parecía máis sinxelo, a súa vitoria nas Gándaras, complicouse tralo momentáneo dous a cero co que se adiantou o Sagrado Corazón.

Ante a ausencia de Iñaki, Suso Coto tirou do infantil Aarón que se puxo baixo paus e tivo unha destacada actuación nun partido que empezou con moita igualdade, co Sagrado repregado pero xenerando perigo á contra e en accións a balón parado. Nunha delas Eder inaugurou o marcador e pouco despois chegou o segundo cunha contra que finalizou Jose.

O Ribadeo estaba contra as cordas nas Gándaras, cunha hora de partido por diante e con dous a cero no marcador. Os mariñeos apelaron á calma e, antes do descanso, con dous goles, levaron o empate ao marcador.

O dous a un foi obra

de Guedes tras unha boa acción e o empate a dous de Diego ao aproveitar un rexeitamento na área local tras un saque de esquina.

Xa na segunda parte ao Sagrado Corazón fíxoselle longo o encontro pero os de Brais Rozados mantían o empate co paso dos minutos. Os cambios déronlle un plus ao Ribadeo. Especialmente Iván Moreda, que estrelou un balón no larguero antes de fabricar a xogada que supuxo o dous a tres que asinou Carlos a nove minutos para o final. Un gol que vale un liderado a falta de dúas xornadas nas que o Ribadeo, se lle gaña ao Foz na casa e ao Monterroso en Cerdeiriños, será o novo campión provincial cadete.

A pegada e Álvaro guiaron ao Foz

PARTIDO DISPUTADO NO MUNICIPAL no que os puntos quedaron na casa pola maior contundencia dos de Burunda nos metros finais ante unha boa versión do Monterroso

FOZ **3** **0** **MONTERROSO**

Álvaro	Kevin
Mateo	Jorge
Diego	Diego
Adan	Roi
Carlos	Xes
Samuel	Raúl
Alex	Martín R.
Sergio	Manu
Abuín	Santi
Pablo	Gabi
Jose	Isma
Lucas	Esteban
	Alex VV.
	Martín P.
	Louzao

Goles: Jose, Abuín e outro en propia porta polo Foz. Arbitro: Ángel Ron Valle

O Foz quedouse cos tres puntos en xogo no Municipal ante o Monterroso nun partido moi disputado e vistoso para os que se achegaron a presencial.

Na primeira parte, Álvaro, porteiro do Foz, foi o principal culpable de que ao descanso chegácese co cero a cero inicial, xa que cunha boa intervención evitou que o Monterroso se adiantase no marcador.

“Noraboa aos dous equipos polo traballo realizado neste encontro”

BURUNDA Foz

“Outro partido igualado, pero desta volta tocounos cruz a nós”

ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

No descanso Burunda moveu ficha e cun cambio de posicións e a entrada de Lucas ao terreo de xogo, o Foz tivo máis presenza no partido, especialmente na parcela ofensiva ao inaugurar o marcador Jose. Acto

seguido Gabi puido empatar pero Álvaro volveuse a lucir cun paradón ante o punta visitante. O infortunio cebouse co Monterroso co dous a cero en propia porta tras un balón parado e, tras unha nova intervención de Álvaro,

Manu Abuín foi o encargado de subir o definitivo e avultado tres a cero ao marcador ao culminar unha contra cando o Monterroso xa acumulaba moitos xogadores por diante de balón nun intento á desesperada por recortar distancias.

O próximo fin de semana non hai competición polo que o Provincial cadete retomárase dentro de vinte días.

CLASIFICACIÓNS

CADETE Promoción Ascenso

RESULTADOS

Sarriana - Burela	3-0
Residencia A - Polvorín A	1-0
S. Corazón - Ribadeo	2-3
Foz - Monterroso	3-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SD RIBADEO	30	12	10	0	2	37	12
RESIDENCIA "A"	30	12	10	0	2	35	12
EF POLVORIN A	28	12	9	1	2	28	11
SARRIANA "A"	15	12	4	3	5	18	22
CD FOZ	13	12	4	1	7	23	27
MONTERROSO	13	12	4	1	7	17	22
BURELA S.D.	6	12	2	0	10	14	43
S. CORAZON	6	12	2	0	10	12	35

PRÓXIMA XORNADA

Sarriana - Monterroso | Burela - Residencia A
Polvorín A - Sagrado | Ribadeo - Foz

A partir do **martes**

con todas as **fotos e crónicas** da xornada

www.liderlugo.es



@LiderRedaccion

Lider

@Lider_Lugo

O Villalbés B mantivo o liderado con suspense

O POLVORÍN ADIANTOUSE NO MARCADOR, competiu de poder a poder e loitou polos puntos ata o pitido final ante o primeiro do Provincial xuvenil

Pichichi XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
ANXO	Milagrosa	26
ABELLA	Sarriana	19
NANO	Milagrosa	16
IAGO	Polvorín FC	15
BORJA	Castro	14
DAMIÁN	Becerreá	11
MARCO	Milagrosa	11
GUNDÍN	Sagrado	11
NEIRA	Milagrosa	10
IVÁN GARCÍA	Ribadeo	10
DIEGO	San Ciprián	10
ABEL	Villalbés B	10
TORITO	Castro	9
VÍCTOR	Foz	9
ALBERTO	Polvorín FC	9
JOSE	Becerreá	8
ÁLEX	Castro	8
IVANILSON	San Ciprián	8
GABRI	Villalbés B	8
JAVI	Becerreá	7
SANTÍN	Becerreá	7
SPEEDY	Polvorín FC	7
RAÚL	Castro	6
JHOSEBA	Foz	6
JAVI PORRAL	Polvorín FC	6
JORGE	Ribadeo	6
SERGI	Sagrado	6
FLY	San Ciprián	6
GABRI	Villalbés B	6
ÁNGEL	Villalbés B	6
MÁNGEL	Castro	5
EDILSON	Foz	5
XOEL	Milagrosa	5
MARCO	Sarriana	5
ÁLEX ANIDO	Villalbés B	5
NACHO	Castro	4
JORGE	Castro	4



Arbitro: Johann Sebastian Cediell Campo: O Polvorín

“Neste partido volvemos merecer algo máis. Norboa e a mellorar os despistes defensivos que nos volveron a costar puntos” KUBALA Polvorín

“Vinte minutos non chegan para alcanzar o obxectivo. Temos que ser máis constantes ao longo dos encontros” IVÁN LAMAS RC Villalbés B

partido. Con iso, os de Iván Lamas xeraron perigo. O cadete Gabriel Branco tivo a primeira ocasión visitante cun disparo que se foi alto, antes de fabricar a xogada do empate a un na que Álex Anido enviou o balón ao fondo das malla. Anxo foi o encargado de darlle a volta ao marcador co un a dous co que se chegou ao descanso.

O Polvorín recuperou forzas nos vestiarios e os de Kubala foron mellores de novo na posta en escena na segunda parte, xogando en campo rival e empatando o partido por medio de Porral, mentres que o propio Porral, Iago e Speedy tiveron ocasións para facer o tres a dous. Con todo, o Villalbés B mantívose en pé nos seus peores momentos e na recta final volveu coller impulso para sumar os tres puntos e manter o liderado do Provincial xuvenil nun remate de Anxo tras un saque de esquina co que pechou o marcador co definitivo dous a tres na recta final do encontro.

Na próxima xornada o Rácing mídese nas Gándarass co Sagrado Corazón e o Polvorín viaxa a Castro coa intención de apurar as súas opcións de clasificarse para a fase de ascenso á Liga Galega xuvenil.



David Fernández despegando o esférico diante de Álex



Alberto trata de entrar na área ante David B. e Cabado



Rubén, a piques de golear o coiro na frontal ante Iago

Regularidade XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
SPEEDY	Polvorín FC	42
JORGE	Foz	29
DIEGO	San Ciprián	27
RAÚL	Castro	27
ANXO	Milagrosa	26
HUGO	Sagrado	24
ADRIÁN	Castro	24
BORJA	Castro	23
IAGO	Polvorín FC	22
ÁLEX	Polvorín FC	22
ABELLA	Sarriana	21
ÁLEX	Foz	20
SANTÍN	Becerreá	20
HUGO	San Ciprián	19
ÁLEX	Ribadeo	19
HUGO	Ribadeo	19
ÁNGEL	Villalbés B	18
GUNDÍN	Sagrado	18
IAGO	Villalbés B	18
ABRAHAM	San Ciprián	17
GABRIEL	Villalbés B	16
EDGAR	Sarriana	16
PLATAS	Sagrado	16
VÍCTOR	Foz	16
IVÁN	Becerreá	16
ABEL	Villalbés B	15
DIEGO	Ribadeo	15
JORGE	Castro	15
FABÍAN	Sarriana	14
MARCO	Sarriana	14
IVANILSON	San Ciprián	14
ADRIÁN	Ribadeo	14
NICO	Villalbés B	13
ANDRÉS	San Ciprián	13
ELÍAS	San Ciprián	12
ADRIÁN	Sagrado	12
DIEGO	Milagrosa	12
JUAN	Foz	12

OS MELLORES	
POLVORÍN	VILLALBÉS B
SPEEDY	GABRIEL B.
PORRAL	ÁNGEL
ÁLEX	SANTI

Os amarelos meteronlle unha marcha moi alta ao partido desde os primeiros minutos nos que Iago inaugurou o marcador tras unha acción de estratexia aos seis de xogo. A intensidade por cada balón foi unha constante no tramo inicial ata que o Villalbés B, a partir do ecuador da primeira parte, conseguiu acougar e conter o impetu local para baixar o balón ao chan e con iso ter o control do

O Rácing Villalbés B mantivo o liderado con moitísimo suspense tras pasalo mal en Montirón ante o Polvorín. Os de Kubala, pese a encadear dúas derrotas consecutivas, mantéñense con opcións de estar na fase de ascenso tralo empate desta xornada entre o Foz e a Sarriana.

Un San Ciprián preciso e contundente

OS MARIÑANOS FORON MÁIS EFECTIVOS NA PRIMEIRA PARTE na que Ivanilson e Diego Baltar asinaron os dous goles ante un Sagrado demasiado intermitente

SAN CIPRIÁN		2
SAGRADO CORAZÓN		0
Elias	Harry	
Cristian	Hugo	
Irfán	Adrián	
Jairo	Mateo	
Pelayo	Pablo	
David	Sergi	
Ivanilson	Yerau	
Nacho	Extremeiro	
Abraham	Álex	
Hugo	Gundín	
Diego Baltar	Muinelo	
Dani	Róber	
	Héctor	
	Eliseo	

Goles: Diego Baltar e Ivanilson.

Arbitro: Jonathan Losada Menacho

O San Ciprián volveu a senda da vitoria ante o Sagrado Corazón nun encontro no que os de Madariaga tiveron máis pegada e regularidade que o Sagrado Corazón. Os mariñosos cun 5-4-1 sentíronse protexidos e saíron a contra con perigo para desnivelar o marcador ao seu favor e, a base de esforzo aguantaron a última media hora, sen encaixar pese ao dominio dos capitalinos. O San Ciprián cedeu a

pelota ao Sagrado para xogar as súas opcións á contra. Na primeira parte, a estratexia funcionoulles. Os visitantes tiveron o dominio pero foi estéril, sen achegamentos perigosos. Sen embargo, os mariñosos foron letais nas súas saídas en velocidade. Así, chegarían os dous tantos. O primeiro, á media hora de partido, tras unha galopada pola banda de Ivanilson, que centrou un balón que acabou aproveitando Diego Baltar tras

rebotar nun defensa rival. Aos dez minutos, mudaron os papeis. O dianteiro asistiu ao extremo, tamén desde a banda dereita, para facer o 2-0 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte, a partir da hora de xogo, ao San Ciprián encendeuselle a luz da reserva e o Sagrado asediou a portería local. Os de Fran Fernández tiveron ocasións para poder loitar polos puntos pero a falta de puntería propiciou que o San Ciprián se mantivese en pé ata o asubio final.

“Gran esfuerzo de todos los jugadores para conseguir esta victoria” MADARIAGA San Ciprián

“Tenemos que ser capaces de competir a lo largo de todo el partido para tener opciones de victoria” FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

O Ribadeo recupera o sorriso no Provincial

NOVA VITORIA tras tres xornadas

RIBADEO	3
BECCERREÁ	0
Álex	Óscar
Paraje	Sergio
Carlos	Jorge
Miguel Yáñez	Andrés
Hugo	Iván
David Cube	Miguel
Jorge	Santín
Jose	Jose
Toni	Marco
Adrián	Deiros
Iván	Riomaio
Dani	Javi
Castañal	Sergio Otero
Román	
Manu	

Goles: Adrián, Iván e Carlos.
Árbitro: David Méndez Moreda.

O Ribadeo volveu á senda da vitoria tras tres xornadas. Co Pepe Barrera como escenario despois dunha semana de incertidume, os de Salva conseguiron un triunfo que os mantén como aspirantes á terceira praza. A baixa de Diego que tivo que ser substituído na portaría por Álex non afectou a seguridade defensiva do equipo que, por segunda vez no Provincial, despois do empate sen goles ante o Villalbés, remata un encontro sen encaixar ningún tanto.

Carlos, tras unha boa parede con Toni, inaugurou o marcador e Adrián fixo o dous a cero co que se chegou ao descanso tras unha primeira parte con máis igualdade no terreo de xogo do que indicaba o marcador.

Jose e Javi dispuxeron das chegadas máis claras do Becerreá para recortar distancias, pero os de Antón Méndez non atoparon o camiño do gol ante o Ribadeo que chegou moito mellor ao tramo final no que dispuxo de ata catro ocasións moi claras que solventou ben Óscar antes de que Iván rematase ao fondo das mallas a centro de Román.

“Despois de dous malos partidos e dunha semana complicada, recuperamos a nosa esencia”

SALVA Ribadeo

“El rival tuvo más pegada que nosotros en los metros finales a lo largo del encuentro”

ANTÓN MÉNDEZ SD Becerreá



Anxo rematando a portaría no partido de ida disputado en Frigsa ante o centrocampista do equipo chairego Jorge

A Milagrosa segue en busca do título

TRAS IMPOÑERSE EN CASTRO con máis suspense no marcador, que chegou a ser de 0-4, que sobre o terreo de xogo

CASTRO	3	4	MILAGROSA
Goles: Alex, Torito e Mángel			Goles: Nano (2), Neira e Anxo



Árbitro: Antón Llendirrozas Ron Campo: Arturo Pereira Castro

OS MELLORES	
CASTRO	MILAGROSA
ÁLEX	MIGUEL
ADRIÁN	ANXO
TORITO	MANU

A Milagrosa segue metendo presión ao Rácing Villalbés B na loita que

manteñen os dous equipos polo título Provincial, unha vez que ambos teñen xa asegurada a súa presenza na fase de ascenso a falta de tres xornadas.

Os de Manolo Couso foron mellores na primeira

parte e plasmárono no marcador co cero a tres co que se chegou ao descanso.

Nano fixo o cero a un tras un par de ocasións visitantes e Róber lucíuse nun remate de Raúl que puido supoñer o empate a un no ecuador da primeira parte. A partir de aí, a pegada da Milagrosa desnivelou o marcador ata o cero a tres cos goles de Anxo e Neira.

Ao comezo da segunda parte, Anxo fabricou unha xogada que culminou Nano co seu segundo gol e o cero a catro para unha Milagrosa que, a partir dese momento, deixou de competir. En parte polo paso á fronte que deu o Castro cando o máis fácil fose borrarse do encontro. Álex recortou distan-

“Orgulloso dos meus por non tirar a toalla e competir mellor na segunda parte”

BRAS PRADOS Castro

“Empezamos o partido como un equipo e nos últimos trinta minutos fomos unha auténtica banda”

MANOLO COUSO Milagrosa

cias cunha falta directa e nos últimos cinco minutos Torito e Mángel déronlle emoción ao tramo final no que o Castro puxo contra as cordas á Milagrosa co tres a catro final.

Na próxima xornada, antes do parón de Semana Santa, os capitalinos reciben ao Ribadeo e o Castro mídese ao Polvorín.

A Sarriana resiste no podio

TRALO EMPATE EN FOZ, os de Alberto Pérez encaran as últimas tres xornadas en postos de promoción de ascenso á Liga Galega

FOZ	1
SARRIANA	1
Alonso	Edgar Tourón
José María	Arias
Marques	Marco
Juan	Goyanes
Victor	Diego Pérez
Jorge	Fabián
Alex	Porral
Alexis	Cayuela
Yerai	Raúl
Victor Pérez	Manucho
Jhoseba	Abella
Jose	Diego Flores
Sergio	Anxo
Alex Pita	Vilar
Carlos	Miqueiras

Goles: Cayuela polo Sarriana e Victor Pérez polo Foz.
Árbitro: Antonio Javier Lanzós Rey

A Sarriana saiu de Foz cun empate que sabe a vitoria xa que os mantén no podio da clasificación a falta de tres xornadas. Un posto que lles daría opción a disputar a fase de ascenso.

En Foz, os visitantes empezaron mellor e froito diso aos nove minutos unha internada de Porral terminou en penalti. Un lanzamento que transformou Cayuela para poñer por diante a unha Sarriana que na primeira parte puido ampliar

“Resultado inxusto nun partido no que tivemos moitas ocasións e volvemos demostrar o que nos custa facer gol”

IVÁN GAYOL Foz

“El juego con balón no fue brillante como otras veces. Pero brilló el esfuerzo, compromiso y valentía de los jugadores”

ALBERTO PÉREZ CABADO Sarriana

o marcador cun disparo de Fabián. Sen embargo, aos poucos, o equipo visitante foi retrocedendo metros ata que, na segunda parte, o Foz iniciou un asedio que non terminou en derriba pola falta de pegada nos metros

finais. Victor Pérez empatou a media hora para o final, tempo no que o Foz buscou o dous a un pero a Sarriana aguantou en pé e ata puido levarse os tres puntos na última xogada.

CLASIFICACIÓNS

XUVENIL Promoción Ascenso

RESULTADOS	
Polvorín - Villalbés B	2-3
San Ciprián - S. Corazón	2-0
Foz - Sarriana	1-1
Ribadeo - Becerreá	3-0
Castro - Milagrosa	3-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
RC VILLALBÉS B	37	15	11	4	0	37	10
S.C.D. MILAGROSA	35	15	11	2	2	52	14
S.D. SARRIANA	23	15	6	5	4	33	27
C.D. FOZ	21	15	6	3	6	29	33
SD RIBADEO	19	15	5	4	6	21	29
POLVORIN F.C.	19	15	5	4	6	26	29
C.D. CASTRO	18	15	5	3	7	31	30
S. CORAZÓN	15	15	4	3	8	20	30
S.D. BECCERREÁ	12	15	4	0	11	20	45
C.D. SAN CIPRIÁN	11	15	3	2	10	19	41

PRÓXIMA XORNADA

S. Corazón - Villalbés B Sarriana - San Ciprián
Becerreá - Foz Milagrosa - Ribadeo
Castro - Polvorín

A partir do martes con todas as fotos e crónicas da xornada www.liderlugo.es



@LiderRedaccion
Lider
@Lider_Lugo



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Investimento

O CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL DA MAROSA conta cunha nova iluminación e tras renovar os vestiarios a achega da Deputación de Lugo alcanza os 150.000 euros



A Deputación de Lugo investiu 50.000 euros na renovación da iluminación do campo anexo á Marosa. A entidade provincial financiou os traballos realizados para substituír os antigos focos por luminarias LED, de menor consumo, coas que o gasto enerxético da instalación deportiva se reduciu nun 30%.

O campo de herba artificial da Marosa, de titularidade municipal, é usado polos equipos de base da ADF Porto Burela onde xogan de locais, ademais de como campo de adestramento para os xogadores da SD Burela que milita en Primeira División Rexional.

Na súa visita ao campo, durante unha sesión de adestramento dos xogadores das categorías de base, o Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, explicou que "as actuacións responden a unha demanda por parte dos equipos que xogan e adestran neste campo. Trátase da substitución das luces existentes por 18 luminarias, que supoñen ademais da mellora da visibilidade, a redución de gasto enerxético en, polo menos, un 30 por cento. Moitos equipos adestran nun horario no que xa non contan con luz natural, e con esta obra conseguimos potenciar a práctica deportiva e respectar o medio ambiente de toda esta zona", engadiu.

Estas actuacións no campo uníronse ás executadas recentemente para renovar os vestiarios, que contaron cunha achega de 100.000 euros da Deputación.

A nova iluminación consistiu na substitución das antigas luces por luminarias LED, que supuxo a redución de gasto enerxético en, polo menos, un 30%, e que contou cun orzamento de 50.000 euros

Estas actuacións no campo uníronse ás executadas recentemente para **renovar os vestiarios** e que contaron cunha achega de 100.000 euros da Deputación

O campo de herba artificial da Marosa é usado polos equipos da ADF Porto Burela onde xogan de locais ademais de como campo de adestramento para os xogadores da SD Burela que milita en primeira rexional

Unión entre a ADF Porto Burela e a SD Burela

Esta temporada, a ADF Porto Burela e o Burela SD decidiron continuar xuntos a súa andaina, agrupando as categorías de base co equipo sénior, grazas ao cal contan con preto de 100 licencias

"O obxectivo desta unión é unha aposta que compartimos desde o Goberno da Deputación, pois pretende fomentar a base como canteira e así reforzar o equipo sénior", apuntou Rivera Capón.

O 2018 foi un ano importante para o club mariño, ademais da unión da Asociación para o Fomento do Deporte Porto Burela e da Sociedade Deportiva Burela, o equipo sénior acadou o ascenso á primeira categoría autonómica e conquistou a Copa Deputación, o que supuxo que o club recabase un premio de 6.000 euros. A contía súamse ademais aos 4.000 euros de axuda que a AFD Porto Burela acadou para sufragar gastos federativos e de temporada na convocatoria dirixida aos clubs.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

